

Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MOAÑA**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

##### *APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA ICIO*

##### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS*

O Pleno do Concello de Moaña, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construción, instalación e obras.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto de construción, instalación e obras, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

##### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS*

#### **Artigo 1.º- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello acorda a imposición do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2.º- Feito impositivo**

1. Constitúe o feito impositivo deste imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Moaña.

2. Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito impositivo definido no apartado anterior e, en particular, as seguintes:

a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, ao aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
  - c) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos dos predios na vía pública.
  - d) Obras de fontanaría e sumidoiros.
  - e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.
  - f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, entullado de terrapléns, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras para executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
  - g) As obras de peche dos soares ou dos terreos e dos valados, as estadas e o conxunto de estadas de precaución.
  - h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de localización de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa a súa localización.
  - i) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.
  - j) As instalacións subterráneas dedicadas aos aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
  - k) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenzas municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.
  - l) Obras de demolición.
  - m) Aliñacións e rasantes.
  - n) As que se realicen en cemiterios.
3. Quedan tamén incluídas no feito impositivo do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos, a licenza aludida no apartado 1 considerarase outorgada unha vez que os órganos municipais competentes ditaron a orde de execución, adoptaron o acordo ou adxudicaron a concesión, con cumprimento da tramitación preceptiva e legalmente notificado o acto administrativo á persoa interesada.



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

**Artigo 3.º.- Exencións**

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión a leve a cabo organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

**Artigo 4.º.- Suxeitos pasivos e substitutos do/a contribuínte**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos ou donas da construción, instalación ou obra, teñan ou non a propiedade do inmovible sobre o que se realice esta. Terá a consideración de dono ou dona da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O suxeito pasivo substituto poderá esixir da persoa contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

**Artigo 5.º.- Base imponible**

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e enténdese por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non formarán parte da dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, se é o caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do ou da contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

**Artigo 6.º.- Tipo de gravame e cota tributaria**

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) Vivendas unifamiliares de nova planta e reforma ou adaptación da vivenda habitual: 2 %.
- b) Reforma ou adaptación de locais comerciais: 2,5 %.
- c) Tipo xeral: 3%.



2. A cota líquida do imposto será, se é o caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que se establecen no artigo 8.º desta ordenanza.

### **Artigo 7.º- Devindicación do imposto**

1. O imposto devindícase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza ou non se presentase a comunicación previa ou declaración responsable.

2. No suposto de que o presuposto presentado sexa inferior aos módulos aprobados nesta ordenanza, aplicaranse estes últimos.

### **Artigo 8.º- Bonificacións**

1.- Establécese unha bonificación do 75% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

a) Corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple dos seus membros a concesión do beneficio fiscal así como a declaración de especial interese ou utilidade municipal tras a solicitude do suxeito pasivo e informe favorable do departamento municipal correspondente que impulsará a tramitación administrativa, de xeito que non se someterán ao debate plenario as solicitudes que non contén coa conformidade dos servizos municipais oportunos.

b) O importe desta bonificación non poderá exceder en ningún caso o límite de 1.000€.

c) A declaración de interese ou utilidade municipal deberá cingirse a unha única circunstancia, polo que non poderán ser acumulativas en ningún caso.

d) Para poder propoñer ao Pleno da Corporación a declaración de utilidade ou interese municipal pola circunstancia de fomento do emprego, o suxeito pasivo deberá acreditar ante o Concello que o feito imponible repercute nun incremento como mínimo de dous/dúas traballadores/as no caso de cadros de persoal iniciais de ata 10 membros e de cinco no suposto de cadros de persoal de máis de 10 traballadores/as. No caso de empresas de nova creación, será necesaria a creación dun mínimo de tres postos de traballo. En ambos os casos, os postos creados deberán ser de carácter indefinido e a xornada completa.

e) A actividade orixe da bonificación e conseguinte contratación laboral deberá iniciarse no prazo máximo de 6 meses que contará desde a finalización das correspondentes obras, e deberá ser mantida ao igual que os postos de traballo que se tiveron en conta para conceder a bonificación, por un período de tres anos contados desde o inicio da actividade. No caso contrario, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír, procederá o aboamento da cantidade bonificada que será incluída na liquidación definitiva que, se for o caso, se practique ou noutra independente, se a causa de devolución se produce con posterioridade a aquela.



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

1.bis.- Establécese unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras promovidas por unha administración pública territorial, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que redunden na mellora dos servizos públicos que se prestan á veciñanza de Moaña e xustifiquen tal declaración.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo; sempre e cando o feito impositivo non resulte obrigatorio a teor da normativa vixente específica na materia.

a) A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da administración competente. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable, o proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

b) O importe desta bonificación non poderá exceder en ningún caso o límite de 1.000€.

Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, de ser o caso, a bonificación á que se refire o punto anterior.

3.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

a) Para o goce desta, o suxeito pasivo deberá achegar, no momento de presentar a solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, de ser o caso, as bonificacións ás que se refiren os puntos un e dous.

4.- Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións e obras xa existentes que favorezan as condicións de acceso e de habitabilidade das persoas con mobilidade reducida, sempre e cando o feito impositivo non resulte obrigatorio a teor da normativa vixente específica na materia.

a) Non será aplicable esta bonificación nos supostos nos que a construción, instalación ou obra sexa subvencionada de forma pública ou privada.

b) Para o outorgamento desta bonificación o suxeito pasivo deberá presentar:

b.1) Presuposto de execución material da actuación visado polo colexio profesional correspondente, no que se describa o obxecto da construción, instalación ou obra e se detalle, se for o caso, aquela parte destas destinada a favorecer as condicións de acceso e de habitabilidade das persoas con mobilidade reducida.

b.2) Declaración responsable do suxeito pasivo de non percibir subvención ningunha pola construción, instalación ou obra obxecto da bonificación.

Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, de ser o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, se é o caso, as bonificacións ás que se refiren os puntos un, dous e tres.

5.- As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitud da persoa interesada.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medio Ambiente...) e, en todo caso, informe do Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.

c) Acordo da Xunta de Goberno local e, de ser o caso, do Pleno.

6.- As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable.

7.- As bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 95% da cota íntegra.



**Artigo 9.º- Normas de xestión**

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, cuxo importe deberá ingresar o suxeito pasivo ao mesmo tempo que presenta a solicitude de licenza, a declaración responsable ou a comunicación previa.

2. O pagamento da autoliquidación practicada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, determinándose na dita autoliquidación a base impositiva en función do maior dos seguintes importes:

a) O importe do orzamento de execución aprobado polo colexio oficial correspondente, cando a súa presentación sexa preceptiva.

b) Importe resultante obtido en función da aplicación dos módulos de valoración que, para cada tipo de obras ou instalacións, establécense no anexo da presente ordenanza, considerados por m<sup>2</sup> construído, en función da natureza e o destino obxecto da licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

3. Na vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real e efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, de ser o caso, a base impositiva, á que se refire o apartado segundo do presente artigo, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, se é o caso, a cantidade que corresponda, sen prexuízo da apertura, se for o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

4. O pago deste imposto en ningún caso eximirá da obriga de obtención da licenza urbanística municipal nos supostos en que esta sexa preceptiva ou, se é o caso, da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

5. Unha vez finalizadas as construcións, instalacións ou obras, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao seu remate, os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello unha declaración do custo real e efectivo daquelas, así coma os documentos que xulguen oportunos para acreditar o custo declarado.

6. No caso de que non se inicien as construcións, instalacións ou obras, a persoa interesada terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa ou caducara a licenza.

**Artigo 10.º- Inspección e recadación**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para seu desenvolvemento.



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

**Artigo 11.º- Infraccións e sancións**

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que por elas correspondan se é o caso, aplicarase o réxime regulado nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

As bonificacións contempladas na presente ordenanza non serán de aplicación para aquelas construcións, instalacións ou obras que incorresen nun expediente de reposición da legalidade.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza fiscal.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derrogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación na data do 29 de decembro do 2000.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 28 DE XULLO DE 2016, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.





Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

**ANEXO**

<b>EDIFICACIÓN OBRA NOVA</b>	<b>MÓDULO €/m2</b>
Vivenda unifamiliar illada	650,00
Vivendas colectivas e oficinas	500,00
Equipamentos e terciario	800,00
Adaptación de baixo para locais comerciais	450,00
Acondicionamento de almacéns e rochos	250,00
Naves industriais	260,00
Naves de almacenamento sen uso, garaxes, porches, terrazas e balcóns	250,00
<b>OBRAS MENORES OU REFORMAS</b>	<b>MÓDULO €/m2</b>
<b>PECHES</b>	
Muros de peche de arame	15,00
Muros de peche de bloque	45,00
Muros de peche de formigón	55,00
Muros de peche de pedra	50,00
Muros de peche de pedra do país serrada	80,00
<b>CUBERTA</b>	
Cuberta de tella de substitución	35,00
Cuberta de fibrocemento substitución	18,00
Cuberta de sándwich metálica 40mm	35,00
Canlón de PVC	12,00
Canlón de aluminio	20,00
Canlón de zinc ou cobre	35,00
Baixante de PVC	10,00
Baixante de aluminio	18,00
Baixante de zinc ou cobre	30,00
<b>CARPINTARÍAS</b>	
Carpintarías de aluminio ou PVC	60,00
Vidreira	25,00
Carpintaría de madeira	65,00
Porta interior de madeira	150,00
Porta de acceso de aluminio ou PVC	275,00
<b>FACHADAS E TABICARÍA</b>	
Limpeza de fachada con auga e a presión	3,50
Repicado de recibos ou xuntas	3,85
Rexuntado de muro de pedra	4,00
Tabique de ladrillo de 8 cm	12,00
Tabique de ladrillo de 12 cm	18,00
Recebos de cemento	10,00
Recebos de perliescaiola	5,00
Pintura interior	4,50
Pintura exterior	7,00
Chapado de pedra de 2,5 ou máis cm	70,00
Falso teito de escaiola	13,00
<b>BAÑOS</b>	
Substitución de bañeira	135,00
Substitución de ducha	100,00
Substitución de inodoro	90,00
Substitución de bidé	85,00
Reforma completa de baño 4 pezas	2000,00
Reforma completa de baño 2 pezas	1500,00
<b>PAVIMENTACIÓNS E AZULEXADOS</b>	
m <sup>2</sup> de soleira de formigón	15,00
m <sup>2</sup> de plaqueta cerámica	27,00
m <sup>2</sup> de piso de madeira	35,00

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:ER11WB76UGJMVSRD



Luns, 13 de decembro de 2021

Núm. 239

m <sup>2</sup> de piso de tarima flotante	24,00
m <sup>2</sup> de azulexado con azulexo	18,00
m <sup>2</sup> de azulexado con granito	60,00
<b>SINALIZACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
m <sup>2</sup> rótulo apegado	200,00
m <sup>2</sup> rótulo voado	350,00
m <sup>2</sup> toldos publicitarios	70,00

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Moaña, A Alcaldesa-Leticia Santos Paz.

